



## AXUDAS AO ALUMNADO UNIVERSITARIO PARA A ASISTENCIA A CONGRESOS, SIMPOSIOS, SEMINARIOS OU SIMILARES

CONVOCA: CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

CONTIDO: [AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS PARA A ASISTENCIA A CONGRESOS, SIMPOSIOS, SEMINARIOS OU SIMILARES](#). Preténdese apoiar as iniciativas dos/as estudantes que contribúan a enriquecer a súa formación académica e científica, sufragando parte dos gastos ocasionados pola asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares, relacionados coas materias obxecto de estudo na titulación cursada.

REQUISITOS: Estar [matriculado/a](#) no [curso 2009/2010](#) en calquera das [universidades](#) do [Sistema Universitario de Galicia](#) ou nos [centros asociados](#) da [UNED en Galicia](#), no [derradeiro curso](#) de estudos conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou nun máster universitario; atoparse matriculado/a, nos plans de estudos estruturados por créditos, como [mínimo](#) en [50 créditos](#), incluído neles o proxecto fin de carreira. Para os estudos de [máster universitario](#), estar matriculado/a dun [mínimo](#) de [60 créditos](#), nun Máster Universitario de carácter [presencial](#) impartido nas Universidades de Santiago, A Coruña ou Vigo, no curso 2009/2010; posuír unha [nota media](#) no seu [expediente académico](#) igual ou superior a [1,50 puntos](#). No caso de alumnos/as de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo/a alumno/a multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos; o congreso, seminario, simposio ou similar, deberá estar organizado por universidades públicas, privadas ou outras institucións de recoñecido prestixio académico, no que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto dos estudos que se están a realizar e [desenvolverse](#) no período comprendido, entre o [1 de xaneiro](#) e o [30 de setembro](#) de 2010; que as actividades teñan unha [duración mínima](#) de [24 horas](#), acreditadas pola entidade organizadora.

DOTACIÓN:

- ✓ Para os/as [solicitantes](#) que [presenten comunicación, póster](#) ou [similar](#) en Galicia é de [250 Euros](#), en España/Portugal de [450 Euros](#), no resto de países europeos de [650 Euros](#) e no resto de países de [850 Euros](#).
- ✓ Para os/as [solicitantes](#) que [non presenten comunicación, póster](#) ou [similar](#) en Galicia é de [125 Euros](#), en España/Portugal de [225 Euros](#), no resto de países europeos de [325 Euros](#) e no resto de países de [425 Euros](#).

DOCUMENTACIÓN: [Solicitud](#), no modelo oficial (anexo); certificación académica completa ou copia compulsada na que se fará constar a nota media simple do expediente académico; xustificante da matrícula en estudos universitarios correspondente ao curso 2009/2010; orixinal ou copia do programa das actividades do evento ao que desexa asistir, no que deberán figurar as horas de duración, lugar e datas de realización; declaración responsable do/a solicitante na que faga constar a vinculación existente entre as materias obxecto de estudo e as actividades ás que se quere asistir; [declaración responsable](#) na que o/a solicitante indique se ten ou non solicitada ou concedida outro tipo de bolsa ou axuda para a actividade ante as Administracións Públicas ou outros entes públicos; documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a interesado/a en que conste o número de conta do/a cliente; resumo da comunicación, póster ou achega ao congreso, simposio, seminario ou similar que, de ser o caso, presente o/a solicitante.

PROCEDIMENTO SELECTIVO: Realizarase en réxime de [concorrenza competitiva](#) e en atención á cualificación obtida polo/a alumno/a, en orde directamente proporcional á [nota media](#) do [expediente académico](#). Ante unha mesma puntuación, terán preferencia para a concesión da axuda, os/as alumnos/as que participen no evento, mediante a [presentación](#) de [comunicación, póster](#) ou [similar](#).

PRAZO E LUGARES DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o [venres, 30 de abril](#) de 2010, no [Rexistro Único](#) da [Xunta de Galicia](#); nos [Rexistros oficiais](#) das universidades do [Sistema Universitario de Galicia](#); nas [Oficinas de Correos](#), presentando en sobre aberto a documentación, para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a, antes de que se proceda a súa certificación postal ou no [Portelo Único](#) do [Concello de Sanxenxo](#).

INFORMAN: [Secretaría Xeral de Universidades](#) da [Consellería de Educación e Ordenación Universitaria](#). Edificio Administrativo San Caetano, s/n (15781) SANTIAGO DE COMPOSTELA. Tlfs. 981 544 403 / 981 544 430 / [sxu@edu.xunta.es](mailto:sxu@edu.xunta.es) / [www.edu.xunta.es/web/node/627](http://www.edu.xunta.es/web/node/627) / [DOG do 30 de marzo de 2010](#)